XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2, 1º e 2º andar
15071 A CORUÑA

galicia

CONCELLO DE BOIRO
REXISTRO XERAL
ENTRADA Núm. 3908
Data
- 9 ABR. 2012

CONCELLO DE BOIRO
Calvo Sotelo, 45
15930 Boiro

**Nº DE EXPEDIENTE: IN661A 01/2011**

**DENOMINACIÓN:** PARQUE EÓLICO BARBANZA 15 MW
**SITUACIÓN:** Boiro (A Coruña)

**Asunto:** INFORMACIÓN PÚBLICA

A fin de dar cumprimento ó establecido no Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental e nos Decretos 442/1990, de avaliación do impacto ambiental, o Decreto 80/2000, de 23 de marzo polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, xúntase resolución sobre a instalación eléctrica contida no expediente de referencia, así como exemplar do estudio de impacto ambiental e proxecto sectorial, para a súa exposición no taboleiro de anuncios dese Concello durante un prazo dun mes.

Rematado dito prazo, remitirase a esta xefatura territorial certificado de dita exposición para constancia no seu expediente, A certificación acreditativa da exposición público do proxecto sectorial contendrá unha referencia expresa á realización do trámite de audiencia previsto no artígo 13.2. do Decreto 80/2000.

A Coruña, 26 de marzo de 2012
O xefe de servizo

XUNTA DE GALICIA • DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA • XEFATURA TERRITORIAL DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Juan I. Lizaur Otero

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMONS. PÚBLICAS E XUSTIZA
REXISTRO ÚNICO
Edif. Admvo. Monelos - A CORUÑA
28 MAR. 2012
REXISTRO DE SAÍDA
Nº 41066

**Na súa contestación deberá sinalar o número de expediente.**

**Resolución do 26 de marzo de 2012 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de A Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a aprobación do proxecto de execución, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do estudio de impacto ambiental referidos ao proxecto do parque eólico de O Barbanza nos concellos de Boiro na provincia da Coruña (Expte. IN661A 2011/01).**

En cumprimento do disposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico; no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia; no Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, modificado pola Lei 6/2010, do 24 de marzo; no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal; na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia; e na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia, sométese a información pública a solicitude presentada pola empresa Norvento, S.L. para as instalación que se describen a continuación:

**Solicitante:** Norvento S.L.
**Domicilio social:** Rúa Ribadeo, 2 entresolo. 27002 Lugo.
**Denominación do proxecto:** Parque Eólico O Barbanza
**Municipios afectados:** Boiro (A Coruña)
**Potencia a instalar:** 15 MW
**Orzamento total**: 13.464.406,90 €

**Localización do emprazamento (área de afección)**

| Aero | UTMx | UTMy |
|---|---|---|
| BR01 | 506.511 | 4.725.328 |
| BR02 | 506.438 | 4.725.602 |
| BR03 | 505.765 | 4.725.398 |
| BR04 | 506.094 | 4.724.844 |
| BR05 | 506.263 | 4.726.027 |

| POLIGONAL PARQUE EÓLICO | | |
|---|---|---|
| | UTMx | UTMy |
| 1 | 506.750 | 4.727.000 |
| 2 | 506.750 | 4.724.600 |
| 3 | 504.950 | 4.724.600 |
| 4 | 504.950 | 4.727.000 |

| TORRE | UTMx | UTMy |
|---|---|---|
| TM_BR01 | 506.224 | 4.726.266 |
| TM_BR02 | 505.692 | 4.725.030 |

**Características técnicas das instalacións:**

- 5 aeroxeradores Vestas V-112 de 3.000 kW de potencia nominal unitaria e 119 metros de fuste.

- 5 centros de transformación de 3.450 kVA de potencia nominal unitaria e relación de transformación 0,65/20 kV, Dyn5, instalados unitariamente no interior da góndola de cada aeroxerador coas súa correspondente aparellaxe de manobra e protección.
- 2 torre meteorolóxica autoportante de 119 m de altura, equipada con anemómetros, cataventos, medidores de temperatura e de presión e logger rexistrador.
- Liñas eléctricas soterradas de 20 kV de tensión nominal en canalización entubada, normalmente baixo víal ou ben en terreo libre, para a evacuación de enerxía xerada e interconectando os centros de transformación 0,65/20 kV e a subestación transformadora 20/66 kV.
- Subestación transformadora híbrida de intemperie, equipada con transformador de 11,25/15 (ONAN/ONAF) MVA e relación de transformación 20/66 KV, celas de media tensión 20 KV, transformador de servicios auxiliares de 100 KVA e relación 20/0,42 KV, aparellaxe de medida, protección, telemando y control.

**Obxecto da información pública:**
- A autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública das instalacións. Esta declaración de utilidade pública levará implícita, de acordo co art. 54 da Lei 54/2007, a necesidade da urxente ocupación para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados necesarios para o establecemento destas instalacións.
- O estudo de impacto ambiental
- O proxecto sectorial de incidencia supramunicipal

**Relación de propietarios, bens e dereitos afectados:**
A relación concreta e individualizada dos propietarios, bens e dereitos afectados figura no anexo que se insire con esta resolución.

O que se fai público para coñecemento xeral e dos propietarios dos predios e demais titulares afectados que non chegaron a un acordo coa entidade solicitante, e que figuran na relación do anexo desta resolución, así como das persoas que sendo titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos, para que poidan examinar o expediente, na xefatura territorial da consellería de Economía e Industria da Coruña, sita no Edificio Administrativo Monelos, rúa Vicente Ferrer, nº 2, 15071 A Coruña, e presentar as súas alegacións no prazo de trinta días, que comenzará a contar a partir do día seguinte ao da última publicación ou da notificación individual.

Para idénticos efectos e no prazo de 30 días que comezará a contar a partir do día seguinte ao da última publicación deste anuncio, o estudio de impacto ambiental correspondente ás instalacións do parque eólico de O Barbanza poderase examinar nesta xefatura territorial de Economía e Industria da Coruña, así como no concello Boiro e na xefatura territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Así mesmo poderase examinar o proxecto de execución e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal no concello de Boiro e nas dependencias desta xefatura territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña.

Unha vez finalizado o prazo, o expediente, xunto coas alegacións recibidas, achegarase á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria.

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2, 1º e 2º andar
15071 A CORUÑA

galicia

Esta publicación faise igualmente para os efectos do previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, en relación cos interesados que sexan descoñecidos, ou cando se ignore o lugar ou o medio da notificación ou ben, se intentada a notificación, non se puidese realizar, as dilixencias relativas ao expediente entenderanse co Ministerio Fiscal nos supostos previstos no artigo 5 da Lei de 16 de decembro de 1954 de expropiación forzosa

A Coruña, 26 de marzo de 2012
A xefa territorial

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL

Susana Vázquez Romero

ANEXO I : relación de bens e dereitos afectados P.E O Barbanza

| Nº | Datos propietario real | Parcela | | | | | | Afeccións (m²) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Datos catastrais | | | | | part. | pleno dominio | | servidumes de paso | | servidume de voo | otras afeccións | |
| | Apelidos e Nome | concello | pol. | parc. | paraxe | cultivo | | plat. | sub. | vial | zanxa | | prot. eólica | oc. temp. |
| 1 | MVMC de Barbanza de Boiro<br>Presidente: Jesús Manuel Romero Ríos | Boiro | 71 | 3 | Barbanza de Boiro | Monte Baixo | | | - | 27 | - | - | - | - |
| 2 | MVMC de Barbanza de Boiro<br>Presidente: Jesús Manuel Romero Ríos | Boiro | 70 | 18 | Barbanza de Boiro | Monte Baixo | | 3.148 | - | 25.002 | - | 7.489 | 98.269 | 3.727 |
| 3 | MVMC de Barbanza de Boiro<br>Presidente: Jesús Manuel Romero Ríos | Boiro | 93 | 82 | Barbanza de Boiro | Monte Baixo | | 8.778 | 3.852 | 24.358 | - | 25.596 | 211.236 | - |
| 4 | MVMC de Barbanza de Cures<br>Presidente: José Antonio Rey Brión | Boiro | 70 | 12 | Lourido | Monte Baixo | | - | - | 109 | - | - | 7.381 | - |
| 5 | MVMC de Barbanza de Cures<br>Presidente: José Antonio Rey Brión | Boiro | 93 | 67 | Barbanza de Cures | Monte Baixo | | 2.928 | - | 6.349 | - | 3.652 | 30.172 | - |
| 6 | Concello de Boiro | Boiro | 71 | 2 | Barbanza de Lampón | Monte Baixo | | - | - | 626 | - | - | - | - |
| 7 | Concello de Boiro | Boiro | 70 | 92 | Barbanza de Lampón | Monte Baixo | | - | - | 978 | - | - | - | - |

AFECCIÓNS A PERMISOS DE INVESTIGACIÓN E CONCESIÓNS MINEIRAS

| Nº | Area Afectada | Parcela | | | | | | Afeccións (m²) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | datos catastrais | | | | | part. | pleno dominio | | servidumes de paso | | servidume de voo | otras afeccións | |
| | | Concello | Pol. | Parc. | Paraxe | Cultivo | | plat. | sub. | vial | zanxa | | prot. eólica | oc. temp. |
| 2 | Permiso de Investigación Braña de Leis - LC-7073 | Boiro | 70 | 18 | Barbanza de Boiro | Monte Baixo | 1 | 3.148 | - | 25.002 | - | 7.489 | 98.269 | 3.727 |
| 3 | Permiso de Investigación Braña de Leis - LC-7073 | Boiro | 93 | 82 | Barbanza de Boiro | Monte Baixo | 1 | 8.778 | 3.852 | 24.358 | - | 25.596 | 211.236 | - |
| 4 | Permiso de Investigación Braña de Leis - LC-7073 | Boiro | 70 | 12 | Lourido | Monte Baixo | 1 | - | - | 109 | - | - | 7.381 | - |
| 5 | Permiso de Investigación Braña de Leis - LC-7073 | Boiro | 93 | 67 | Barbanza de Cures | Monte Baixo | 1 | 2.928 | - | 6.349 | - | 3.652 | 30.172 | - |

AFECCIÓNS A CONVENIOS E CONSORCIOS

| Nº | Area Afectada | Parcela | | | | | | Afeccións (M²) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | datos catastrais | | | | | part. | pleno dominio | | servidumes de paso | | servidume de voo | otras afeccións | |
| | | concello | pol. | parc. | paraxe | cultivo | | plat. | sub. | vial | zanxa | | prot. eólica | oc. temp. |
| 1 | Convenio nº 1515504 | Boiro | 71 | 3 | Barbanza de Boiro | Monte Baixo | | | - | 27 | - | - | - | - |

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2, 1º e 2º andar
15071 A CORUÑA

galicia

| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Convenio nº 1515504 | Boiro | 70 | 18 | Barbanza de Boiro | Monte Baixo | | 3.148 | - | 25.002 | - | 7.489 | 98.269 | 3.727 |
| 3 | Convenio nº 1515504 | Boiro | 93 | 82 | Barbanza de Boiro | Monte Baixo | | 8.778 | 3.852 | 24.358 | - | 25.596 | 211.236 | - |
| 4 | Consorcio nº C-2012-5 | Boiro | 70 | 12 | Lourido | Monte Baixo | | - | - | 109 | - | - | 7.381 | - |
| 5 | Consorcio nº C-2012-5 | Boiro | 93 | 67 | Barbanza de Cures | Monte Baixo | | 2.928 | - | 6.349 | - | 3.652 | 30.172 | - |
| 6 | Consorcio nº C-2013 | Boiro | 71 | 2 | Barbanza de Lampón | Monte Baixo | | - | - | 626 | - | - | - | - |
| 7 | Consorcio nº C-2013 | Boiro | 70 | 92 | Barbanza de Lampón | Monte Baixo | | - | - | 978 | - | - | - | - |